

# Do Castro ao Museo



4

caderno de campo

Castro de Elviña

# Castro de Elviña

## CADERNO DE CAMPO 4

Nome:

do castro  
ao museo

Centro Escolar:

Curso:

Data:

Nas escavacións arqueolóxicas que se realizan no Castro vaise poñendo ao descuberto o espazo coas estruturas construtivas: casas, murallas, camiños e outras construcións. Mais tamén se recuperan moitos e diferentes materiais: cerámica, vidro, metais, etc., a maior parte deles fragmentados e incompletos. Estas pezas aportan información sobre a vida no castro e a cronoloxía.

Estes materiais seguen un proceso de estudo e conservación para seren exhibidos nas salas do Museo algúns deles e outros gárdanse nos almacéns deste.





## O Tesouro de Elviña

No Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón están expostas as pezas de ourivería que se coñecen como *Tesouro de Elviña*, xunto con outras tamén de Elviña e outros castros.

Todas estas fotos corresponden ás pezas do *Tesouro de Elviña*?

Si

Non

Identifica cada foto coa peza correspondente



.....  
.....



.....  
.....



.....  
.....



.....  
.....




.....  
.....



Na terraza Sueste e Sur do Castro hai varias construcións, entre outras: o pozo-alxibe, a casa na que apareceu o relevo fálico e a denominada "Casa do tesouro" pois foi nela onde os arqueólogos encontraron o conxunto de ourivería coñecido como o *Tesouro de Elviña*.

### Sinala no plano onde apareceu o *Tesouro*



#### Indica verdadeiro ou falso:

- O *Tesouro* estaba en varias casas
- As pezas que o compoñen estaban espalladas e ciscadas
- O *Tesouro* estaba todo xunto nunha construción doméstica, oculto intencionalmente
- Os arqueólogos observaron que as pezas estaban en uso
- Está formado por pezas de ouro, bronce e prata
- Outras pezas de ourivería apareceron noutras zonas do castro



## As diademas-cinto

Os arqueólogos danlles este nome porque se usarían probablemente para levar na cintura, na cabeza ou no colo. Documentáanse en descrições feitas por escritores daquel tempo, como Estrabón, e tamén nas estatuas de guerreiros daquela época. Estaban moi decoradas e realizábanse en láminas moi finas e moi fráxiles.

A información que temos sobre o uso destas pezas é:

- **Diademas:** O xeógrafo grego Estrabón, que viviu entre os anos 63 a.C. e 19 d.C., escribía sobre o costume que tiñan os galaicos de: *"cinguir a cabeza cunha banda ou cinta para o combate"*.
- **Cintos:** As estatuas de guerreiros daquela época levan cintos, ademais de torques, escudos e puñais.



Pensas que o de "diadema-cinto" é un nome axeitado? Por qué?

.....

.....

.....

Cal pensas ti que sería o seu uso?

.....

.....

.....

Sendo tan fráxiles, non romperían con facilidade? Como se podería solucionar isto?

.....

.....

.....


## A cerámica

No Castro aparecen moitos fragmentos de cerámica diferentes.

Hai un tipo de cerámica de época romana que é doada de identificar: a *terra sigillata*, chamada así por levar un selo, *sigillum*, e caracterizada pola súa cor vermella, a decoración en relevo e o seu brillo.

Fabricábase en serie por medio de moldes e isto permitiu a súa comercialización en mercados lonxe dos centros de produción.

**Que fragmento(s) clasificarías como *terra sigillata*?**



### Coméntao

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



Cando estudamos a *terra sigillata* podemos coñecer as datas aproximadas da súa fabricación. Por isto, é un material importante para aproximarnos á cronoloxía do castro ou, cando menos, das áreas nas que aparece.

Na muralla inferior do castro aparece *terra sigillata hispanica* e moitas *tegulae* (tellas planas romanas). Isto quere dicir que esta muralla:

**Escolle a(s) resposta(s):**

1. Construíuse no mesmo tempo que a muralla da croa, antes dos romanos.
2. A *terra sigillata*, as *tegulae* e a maneira de construír a muralla indicannos que é de época romana.
3. Non hai datos suficientes para saber de cando é.
4. Se estudamos a *terra sigillata*, incluso podemos chegar a saber aproximadamente en que anos estivo ocupada esta zona.
5. É da Idade Media e os materiais proceden doutras partes do castro.



## Os metais

O uso de obxectos metálicos, tanto para o adorno persoal como para o traballo, é común a todos os castros. No Museo exhibense diferentes obxectos e pezas procedentes de Elviña e doutros castros de Galicia.

**Identifica as pezas co castro da súa procedencia e descríbeas brevemente**



1. Castro de Borneiro .....
2. Castro de Baroña .....
3. Castro de Elviña .....

Estas fotografías corresponden a pezas de diferentes vitrinas.

**Observas algunha relación entre delas? Explicao**

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....





## A escavación

O equipo que está escavando segue un método de traballo. Nas fotos recóllense algúns momentos.

### Identifica as fotos:

1. Abrir unha área de escavación e retirar as primeiras capas de terra.
2. Escavar coidadosamente os niveis de terra.
3. Rexistrar (anotar os datos de localización) cando aparece unha peza ou un fragmento.
4. Debuxar a zona.
5. Lavar e siglar a peza (apuntar na propia peza os datos do rexistro).





Na ficha anterior vimos algúns dos traballos que se fan durante a escavación e que se complementan con outros como: debuxar e fotografar, pegar os fragmentos, clasificalos e determinar a cronoloxía, relacionalos con outros, etc. Todo isto sérvenos para coñecer aspectos da vida no castro, a cronoloxía, a relación con outros castros, o contexto histórico, etc. E... **Que podemos coñecer?**

- Se na escavación encontramos restos de fundición, fragmentos de pezas de ferro e outros metais e ademais hai indicios de fornos, todo concentrado nunha zona, que nos suxire?

.....

.....

.....

.....

.....

- Se nun nivel aparece vidro, cerámica romana e cerámica castrexa, pero no nivel inferior aparece só cerámica castrexa, que nos está indicando?

.....

.....

.....

.....

.....

- Se unha fíbula (prendedor para a roupa) de Elviña é do mesmo tipo que outras doutros castros das que coñecemos a cronoloxía, que información nos está dando sobre a zona e o nivel onde apareceu?

.....

.....

.....

.....

.....



## do Castro...

As escavacións arqueolóxicas comezaron en 1947. Continuaron nos seguintes anos intermitentemente ate 1985, xunto con diversas actuacións para o seu mantemento. Despois o Castro quedou esquecido.

No ano 2002 comezaron novas campañas de escavacións que continúan na actualidade e que están proxectadas ate 2012.

## ...ao museo

O Castelo de San Antón, situado na baía da Coruña, alberga o Museo Arqueolóxico e Histórico.

Comezouse a edificar a fins do século XVI e, dende entón, foi fortaleza para defender a cidade e foi tamén prisión.

No ano 1968 abriu as súas portas ao público, convertido xa en Museo.





**Museo Arqueológico  
e Histórico**  
Castelo de San Antón



**Concello da Coruña**  
Concellaría de Cultura